



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 8/2023

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

En Ordes, a trinta de xuño de dous mil vinte e tres.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO (*)
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERTRE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e quince minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 26 de xuño de 2023, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión extraordinaria, de data 26 de xuño de 2023, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coa abstención da Sra. García Gómez, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

Vista a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

“O Pleno celebrará sesión ordinaria o último xoves de cada mes ás 19:30 horas, se este día é inhábil a celebración da sesión trasladarase ao xoves hábil anterior, excepto nos meses de agosto e decembro.

A primeira sesión ordinaria a celebrar será o 28 de setembro de 2023”.

Visto o disposto no art. 23.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Concello de Ordes e art. 46.2 párrafo 2º da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Visto o informe de Secretaría.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que creen oportuno fixar as sesións ordinarias do pleno ás 20:00 horas. Este horario favorecería a asistencia dos membros da Corporación e do público xeral.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que da conta da emenda que se transcribe a continuación: “O Pleno celebrará sesión ordinaria o último xoves de cada mes ás 20:00 horas, se este día é inhábil a celebración da sesión trasladarase ao xoves hábil anterior, excepto nos meses de agosto e decembro. A primeira sesión ordinaria a celebrar será o 27 de xullo de 2023”. A explicación da emenda son os motivos que argumentaba a compañeira do PSOE, facilitar a conciliación laboral e a asistencia do público. Con respecto á data de celebración da primeira sesión no mes de xullo, a razón é a seguinte dispomos dun informe de Secretaría dunha primeira proposta inicial que fixo a Alcaldía, na segunda proposta xa se puxo que a primeira sesión plenaria sería no mes de setembro. O art. 46 da LBRL establece que nun concello con poboación entre 5001 e 20000 habitantes a periodicidade das sesións ordinarias debería ser máximo dous meses. Se o deixamos para o mes de setembro estaríamos índonos a tres meses, co que estaríamos incumprindo este precepto legal. Pide que o Secretario informe se é correcto o que están a apuntar agora.

Intervén o Sr. Secretario, que informa que si é correcto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se acepta a emenda, mantense a proposta de acordo tal e como está formulada de acordo ao artigo 53 do Regulamento Orgánico municipal, do que son coñecedores. A celebración da primeira sesión ordinaria no mes de setembro é dada por que non vai haber asuntos de urxencia para un pleno ordinario propiamente dito. Se consideran calquera outra cuestión están no seu dereito de fundamentala.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se votan tres meses sen poder fiscalizar dende a oposición, aínda que se poida celebrar algún pleno extraordinario en xullo, nos plenos extraordinarios non se recollen os apartados de moción, rogos e preguntas. Estaríamos tres meses cando a lei establece un máximo de dous meses sen unha sesión ordinaria. Se non cambian a hora pide que polo menos se celebre unha sesión ordinaria no mes de xullo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que do mesmo xeito se ten que plantexar de acordo coa LBRL que tamén nos acollamos a ela e fagamos os plenos cada dous meses. É unha posibilidade que valorarán neste grupo co que estaríamos a cumprir igualmente coa lexislación vixente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), seis votos en contra (4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O Pleno celebrará sesión ordinaria o **último xoves de cada mes ás 19:30 horas**, se este día é inhábil a celebración da sesión trasladarase ao xoves hábil anterior, excepto nos meses de agosto e decembro.

A primeira sesión ordinaria a celebrar será o 28 de setembro de 2023.

3. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación.

“Creación das Comisións Informativas Permanentes seguintes:

- Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.
- Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.
- Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno (corresponderalle o ditame de calquera outro asunto competencia do Pleno propia ou delegada que non estea expresamente atribuída a outra Comisión informativa).

Composición: Participación igual de todos os grupos políticos [concelleiros (3): 1 PP, 1 BNG, 1 PSOE] que integran a corporación, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Presidente: Alcalde ou concelleiro en quen delegue”.

Visto o disposto nos arts. 123 a 125 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e artigos concordantes do Regulamento de Organización e Funcionamento do Concello de Ordes.

Visto o disposto no art. 66 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Concello de Ordes, art. 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) e art. 66 da Lei 5/1997, de 22 de xullo (LALGA).

Visto o informe de Secretaría

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se mantén o que había ata o de agora. Están a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Creación das Comisións Informativas Permanentes seguintes:

- Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.
- Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.
- Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno (corresponderalle o ditame de calquera outro asunto competencia do Pleno, propia ou delegada, que non estea expresamente atribuída a outra Comisión informativa).

Composición: Participación igual de todos os grupos políticos [concelleiros (3): [1 PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE] que integran a corporación, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Presidente: Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

4. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación.

“DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
4. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado 1 da Disposición adicional segunda (Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais) da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP) que celebre o Concello, cando polo seu valor estimado, contía, ou duración non correspondan ao Alcalde-Presidente, conforme ao devandito apartado:
Os contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.
5. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos, adxudicacións e adquisicións, así como a enaxenación do patrimonio mencionados no apartado 9 da Disposición adicional segunda (Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais) da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP) que celebre o Concello, cando polo orzamento base de licitación, o importe ou valor correspondan ao Alcalde-Presidente, conforme ao devandito apartado:
Os contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 LCSP, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e o importe de tres



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe e a contía indicados.
6. Aqueloutras que deban corresponder ao Pleno por non esixir a súa aprobación unha maioría especial.
 7. As demais que expresamente lle confiran as leis”.

Visto o disposto nos arts. 22.2 e 4, 23.2.b) e 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) e arts. 51 e 53.2 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que aínda que sabemos que o feito de delegar competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local é por unha maior funcionalidade, gustaríalles que algunhas desas competencias non fosen delegadas xa que aínda que teñen a maioría permitiríase debater e achegar as súas propostas por parte de toda a Corporación. Entenden que un dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento levaríannos a ter certas demandas que teríamos que coñecer todos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se está a formular o mesmo que en anteriores mandatos, delegar na medida do posible o maior número de competencias na Xunta de Goberno Local baleirando ata onde a lei o permite as competencias do pleno. Obviamente estando na oposición na que están non poden votar favorablemente esta proposta. Repite que teñen a capacidade de facelo por que están en maioría absoluta. Van a votar en contra neste punto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que indiferentemente da cor política que goberna en calquera concello nos plenos de organización que se están a celebrar esta delegación de competencias se leva a cabo e co apoio unánime de toda a corporación. Non é o caso de Ordes por que aquí é sempre o non polo non.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), seis votos en contra (4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións do Pleno seguintes:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
4. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado 1 da Disposición adicional segunda (Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais) da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP) que celebre o Concello, cando polo seu valor estimado, contía, ou duración non correspondan ao Alcalde-Presidente, conforme ao devandito apartado:
Os contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.

5. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos, adxudicacións e adquisicións, así como a enaxenación do patrimonio mencionados no apartado 9 da Disposición adicional segunda (Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais) da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP) que celebre o Concello, cando polo orzamento base de licitación, o importe ou valor correspondan ao Alcalde-Presidente, conforme ao devandito apartado:
Os contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 LCSP, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe e a contía indicados.
6. Aqueloutras que deban corresponder ao Pleno por non esixir a súa aprobación unha maioría especial.
7. As demais que expresamente lle confiran as leis”.

II.- Publicar o acordo de delegación de atribucións do Pleno na Xunta de Goberno Local no Boletín Oficial da Provincia.

5. DETERMINACIÓN DOS CARGOS QUE LEVEN APARELLADO O DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU DEDICACIÓN PARCIAL E AS RETRIBUCIÓN DOS MESMOS.

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación:

“Determinación dos cargos que leven aparelado o seu desempeño con dedicación exclusiva ou dedicación parcial e das retribucións dos mesmos:

- **ALCALDE-PRESIDENTE:** exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva, retribucións brutas **56.700,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 17/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC).
- **JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA**, concelleiro delegado de obras, infraestruturas e mobilidade cidadá: exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **20.720,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 20/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC).
- **SUSANA GARCÍA GÓMEZ**, concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo: exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **20.720,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 20/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC).
- **ABEL BLANCO VIQUEIRA**, concelleiro delegado de cultura, asociacionismo veciñal, atención e participación cidadá: exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **20.720,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 20/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC).

As citadas contías variarán anualmente na mesma porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo das administracións públicas”.

(*) Incorpórase á sesión o concelleiro Sr. Gonzalo Veiras Castro.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que o grupo socialista xa criticou no ano 2019 a suba de salario inxustificada do Alcalde. Agora no ano 2023 volvemos a manifestarnos en contra ante un aumento esaxerado das súas retribucións. É certo que nos últimos tempos experimentou unha subida xeralizada do seu salario, en concreto dun catro por cento de media. É una medida dirixida a combater os efectos da inflación é a perda de poder adquisitivo das persoas traballadoras, se ben están vendo que se pretende subir o seu salario nun 12,30 %. Case o triple sen achegar ningunha xustificación. Afrontan esta lexislatura con menos habitantes que na anterior co que as necesidades a atender non aumentaron, todo o contrario. Descoñece se está suba anual de sete mil euros obedece aos cinco votos de diferencia que acadou nas urnas. Na mesma liña están os salarios das dedicacións parciais que experimentan unha subida do 13,50 % cando as súas funcións a desempeñar son menores ou igual que na lexislatura anterior. A veciñanza merece unha explicación acerca disto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que da conta da emenda que se transcribe a continuación: “**ALCALDE-PRESIDENTE:** exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva, retribucións brutas **43.300,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 17/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC). Reducir a retribución bruta proposta para as dedicacións parciais, mantendo a fixada inicialmente no mandato que ven de rematar para 20 horas semanais, é dicir 17.920,00 €/ano. Suprimir a variación anual das contías na mesma porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo das administracións públicas”. Sempre manifestaron e sempre foron coherentes co que dixeron que as persoas ao servizo das administracións públicas deben ter un salario digno e acorde á responsabilidade que desempeñan. No BNG está contrastado que nunca entramos a outro tipo de xogadas que intentaron facer noutras ocasións e sempre se mantiveron firmes no que defenden. No ano 2015 este Alcalde iniciou o seu mandato cun salario fixado en 41.300,00 euros/ano. No ano 2019 subiuse ese salario/ano ata os 49.500,00 euros. No ano 2023 estase a propor incrementar ese salario novamente ata os 56.700,00 euros. Subir 7.200,00 euros con respecto ao fixado inicialmente. 15.600 euros máis con respecto ao ano 2015. A finais do ano 2022 o Alcalde de Ordes estaba no top quince de Alcaldes mellor pagados de toda Galicia. Se tomamos como referencia eses datos coa suba que se propón o día de hoxe pasaría a estar no top oito. O problema é que Ordes dista moito de ser un concello top oito de toda Galicia. É a realidade que temos aquí en canto a oportunidades laborais, servizos e demais. Por iso se propón reducir ese salario acorde á realidade que existe no noso concello.

Visto o disposto nos arts. 75.2 e 5, 75.bis e 75.ter da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) e Disposición adicional vixésima sétima. Réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais. Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado (OXE) para o ano 2023.

Visto o informe de Secretaría.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que apoian integramente o que dixo o compañeiro do BNG. O noso concello está de acordo coas cifra de poboación do padrón de habitantes na escala entre 10.000 e 20.000 habitantes. Podería cobrar ata 58.000,00 euros/ano. Pero parécelle esaxerada esa subida de 7.000,00 €



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

cando como se dixo fai catro anos xa se subiu 8.000,00 euros. Para a cifra de poboación que temos non considera necesaria esta subida. É claro que son os que gobernan, teñen maioría e os que fixan o seu soldo. Reitera que pide que se lle explique por que hai esa subida.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que teñen a súa emenda. Fai catro anos púxose a cláusula de subir anualmente na mesma porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado, o que supuxo que en lugar dos 49.500,00 euros/ano do ano 2019, acabou no ano 2022 por encima dos 51.000,00 euros/ano. Si a día de hoxe se mantén esa cláusula novamente empezará o mandato cobrando 56.700,00 euros/ano e rematará moi próximo no tope para este concello que é de 58.080,00 euros/ano. Manteñen a emenda, se teñen a ben atendela votarán favorablemente, senón votarán en contra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está moi ben este discurso demagóxico, xa nos teñen acostumados, era mellor que fixeran un único discurso e non estaríamos aquí a perder o tempo xa que están totalmente de acordo en todas e cada unha das cuestións. Xa hoxe, senón tamén no sucesivo nos próximos meses. Por favor, ten unha chamada a orde. Vamos a manter o respecto, esa risa sobra e cree que a da súa parte tamén. Ten unha chamada á orde tamén Sr. Candal Fariña. Non lle faltou o respecto a ninguén, estaba empezando a falar. Non empece vostede tamén. Está moi ben o seu discurso demagóxico de andar polas portas dicindo non sei que e non sei canto. Non vamos a entrar niso. Ten unha segunda chamada á orde Sr. Candal Fariña. Á terceira ten que abandonar o pleno. Creo que estamos comezando moi mal Sr. Candal Fariña. Respecte as quendas e garde o respecto á persoa que ten ao seu carón. que veñan a dar leccións parécelle increíble. O alcalde que máis cobra de Galicia é o Sr. Lores alcalde do BNG sexta cidade da provincia de A Coruña. Automaticamente anulada a súa argumentación da posición que ocupa Ordes e cal deixa de ocupar. O que máis cobra é alcalde da sexta cidade de Galicia das sete grandes cidades. O que é o rei dos salarios é un alcalde do BNG do que tanto fachandean e presumen. Cidade da Coruña subida dun 18% PSOE, dígalle isto aos seus compañeiros. Tamén aos compañeiros do BNG da Coruña onde ambos se puxeron de acordo nesta subida. Non é o caso para nada de Ordes. Non veñan a pregoar de algo que non é o que acontece noutros lugares. De matemáticas están fatal, non saben o que cobra un ou o que cobra o outro, non analizaron os orzamentos, nin saben a realidade de como afectan os OXE aos salarios dos empregados públicos. As cantidades que acaban de dicir aquí son todas falsas, non hai a primeira que dixeran cada unha das partes. A única que saben é tope que é o 50% dun Secretario de Estado. Como iso non se varía cada ano parece que vai a estar estable durante catro anos. O IPC no INE páxina na que podemos entrar todos sufriu unha taxa de variación de maio de 2019 a maio de 2023 do 14,20 %, agora faga as contas para ver se todas as cifras que dixo están por debaixo dese 14,20 %. Non vai a entrar no que cobra unha persoa que exerce unha profesión libre. Imaxina que tratará que na medida que lle sube a vida e lle sube a todo o mundo que lle sexa retribuído de algunha maneira. Está claro o din sempre, o defenden aquí e en calquera outro sitio o que traballa ten que cobrar. Están a falar duns salarios que son axustados e acordados á responsabilidade que van a ter todos e cada un deles nas tarefas de goberno. Son oportunos e adecuados. Están plenamente xustificadas respecto aos salarios de 2019 en canto a taxa salarial de incrementos do IPC, incluso están por debaixo da actualización do ano 2023 con respecto ao ano 2019. Esa situación que temos brutal de subida de custe da vida é responsabilidade máxima do goberno actual de España. Non veñan con discursos demagóxicos dicindo que Ordes perdeu poboación con respecto ao 2019 por que é outro dato falso, cando queira pase polo padrón municipal de habitantes, pida os datos de 2019 e pida o dato actual. Dille que non dixo a verdade. Todos os que están no goberno teñen unha profesión. Moitos van a seguir a desempeñar o seu traballo, unha parte vai a ter unha dedicación parcial e outra parte vai a formar parte dos órganos Colexiados, que lles permita desempeñar as súas responsabilidades semana a semana para atender a toda a veciñanza de Ordes. Leccións ningunha por que o que vai a supor é unha mingua con respecto ao custe actual real que supón o gasto da corporación saínte no ano 2023. Unha baixa, fagan números que as matemáticas non enganar. No ano 2023 os salarios que están a percibir por dedicacións no concello a súa contía é de 122.700 euros. Co acordo que se trae aquí por este grupo esa contía vai a pasar a 118.800 euros. Unha baixa do 3,16 %. Esa é a realidade, as



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

matemáticas, estase a baixar o gasto para os veciños de Ordes por parte das dedicacións, desta corporación. Como se chegou ao acordo de distribuír ese diñeiro entre os representantes é un acordo que se adoptou dentro da reunión do grupo municipal do PP. Pero para os veciños para que quede claro a todos os efectos e as cousas que van a pregoar nas redes sociais lles vai a custar menos que o que lle custaba o día anterior ás eleccións municipais do ano 2019. No ano 2008 o PSOE era parte deste goberno municipal custaban as dedicacións deste concello 116.900 euros e no ano 2009 custaban 120.300 euros. Do ano 2009 ao ano 2023 pasaron catorce anos, custaba máis a corporación do ano 2009, da que o PSOE formaba parte, que a corporación do ano 2023. Quédense con esa cifra. Esa é a realidade dos datos número a número do que aquí traemos e deixen de mentir e trasladar á poboación e á veciñanza datos falsos. Pode por o exemplo doutros lugares, Carballo ven de aprobar sen ningún tipo de rexeitamento seis dedicacións exclusivas e catro postos de persoal de confianza, que suporalle ás arcas municipais 403.000 euros de gasto no próximo mandato cada ano, o que supón o 1,35 % do orzamento municipal do Concello de Carballo que son trinta millóns de euros, tres veces o de Ordes. En Ordes o gasto que traen aquí é o 1,21 %. Xa está ben dese xesto de encollerse de ombreiros e me da exactamente igual dos meus compañeiros de Carballo e despois non somos capaces de entender que o que se está propoñendo aquí é xusto e equitativo. Onde gobernan fan unha situación e un plantexamento similar e incluso superior e ás cifras se remite. Esa é a realidade. En Santiago un partido que foi segunda forza conseguiu chegar ao goberno nunha corporación de vinte e cinco vai a gobernar con oito concelleiros, de repente os asesores pasaron de dezaioito a vinte e tres. Outro exemplo de como trata o BNG á corporación e aos veciños cando chega ao goberno e teñen que empezar a gobernar e tomas decisións, diso é cómplice o PSOE que llo acaba de permitir. Nese goberno sete dedicacións exclusivas e unha parcial, máis todos os asesores vai a superar amplamente os dous millóns de euros de gasto anual, moi por enriba dos porcentaxes de Carballo e Ordes. Pídelle que non veñan aquí a darnos leccións en todas e cada unha destas cuestións e non sexan capaces de mirarse onde non gobernan e sexan capaces de analízalo onde gobernan. Durante este anos as retribucións foron actualizadas ao igual que todos os empregados públicos, non por que o decidise a corporación de Ordes, por que o decidiu o PSOE ao aprobar os OXE. Se se pasou dos 49.900 euros aos case 55.000 da actualidade foi por que o PSOE o aprobou en Madrid. O subiron vostedes cando o aprobaron en Madrid. Esta é a resposta que vai a encontrar cada vez esta corporación, que ten enfronte a xente do non polo non. Estas retribucións son xustas, equitativas. Pídelle a todos os concelleiros do grupo de goberno que traballen día a día para todos e cada un dos veciños, facendo o mellor para Ordes, que é a tarefa que lle encomendou o 53 % da poboación, van a traballar para o 100 % da poboación. Mantense a proposta, non se acepta a emenda en base ao artigo 53 do Regulamento orgánico municipal.

Solicita intervir o Sr. Candal Fariña, por alusións, que sinala que o que lle parece unha falta de respecto é que veñas ti como alcalde de Ordes que eres a acusalo a el ou a calquera persoa de que andan polas portas. Quere dicirlllo á cara, non ten ningún medo de falarlle á cara calquera cousa, non sabe a que se refire. Se despois quere o falamos, que é o que el andou falando polas portas. Por su posto que ten dereito a falar politicamente del polas portas, persoalmente non.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi persoalmente.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que persoalmente non. É pódelle dicir que si algún día ten algo que dicirlllo pode dicirlllo á cara.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sinte discrepar.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que lle parece dunha baixeza moral vin aquí a un pleno con estas tonterías. Iso si que lle parece unha falta de respecto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que é unha falta de respecto é utilizar a falsa mentira, a falsa acusación, intentar ridiculizar ao contrario. Andar continuamente faltando ao respecto. Non van a entrar en ningún tipo de debate, vostede isto se o acaba de sacar da manga para quedar ben. Vostede cando fixo uso da palabra el non empezara a falar. Iso si que lle parece lamentable, que vostede que xa estivo nesta corporación moito tempo fixese iso, é a continuación foi cando lle dixo o seguinte. Vostede falou e despois riuse de segundas cando lle dixen que non estaba na quenda da palabra. Agora non queira cambiar os feitos do que aconteceu fai un momentíño por que non é verdade. Despois foi de segundas cando lle dixo que me acaba de contestar agora, estase acollendo a iso, que si que me parece falso e amoral. Vostede fala de moral e eu fálole de amoralidade. Iso é o que vostede me acaba de demostrar aquí. Non lle vai a consentir, primeiro que minta e segundo que intente neste pleno terxiversar as súas palabras. Ante todo aquí estamos dezasete persoas e todos representamos aos veciños. Non unicamente vale a súa verdade. Non me interrompa cando estea a falar, iso é o que lle pido hoxe e sempre. Así imos a levarnos ben. O que non pode facer é provocarme, nin a el nin a ningún compañeiro. Pídelle por favor que o respecte. No sucesivo se ten un voceiro que está na quenda da palabra o escoita como o escoito eu. Cando el estea na súa quenda da palabra o que lle pide é que non llo impida. Se quere unha quenda para intervir levante a man e vai a darlla sempre, teña a certeza. Lle acaba de dicir que mentiu agora cando quixo dicirlle que el lle pediu que o respectase non so pola intervención segunda senón tamén pola primeira cando vostede sen el empezar a falar xa automaticamente o cortou e falou. Creo que con isto queda suficientemente aclarado e vamos a deixar este punto zaxado.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que tamén lle pide que el respecte aos demais.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), sete votos en contra (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Determinación dos cargos que leven aparelado o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial e das retribucións dos mesmos:

- **ALCALDE-PRESIDENTE:** exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva, retribucións brutas **56.700,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 17/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC).
- **JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA**, concelleiro delegado de obras, infraestruturas e mobilidade cidadá: exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **20.720,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 20/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC).
- **SUSANA GARCÍA GÓMEZ**, concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo: exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **20.720,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 20/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC).
- **ABEL BLANCO VIQUEIRA**, concelleiro delegado de cultura, asociacionismo veciñal, atención e participación cidadá: exercicio do cargo en réxime de dedicación parcial (20 horas semana), retribucións brutas **20.720,00 euros/ano**, distribuídas en 14 pagas, con efectos retroactivos do 20/06/2023 (art. 39.3 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC).

As citadas contías variarán anualmente na mesma porcentaxe que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo das administracións públicas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2.- Publicar o acordo de retribucións e réxime de dedicación dos membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial no Boletín Oficial da Provincia.

6. FIXACIÓN DO IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á ÓRGANOS COLEXIADOS.

Vista a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

“Os concelleiros que non exerzan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte nas contías seguintes:

- Asistencia a sesións do Pleno: **180,00** euros.
- Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: **280,00** euros.
- Asistencia a sesións das Comisións Informativas Permanentes: **140,00** euros.
- Asistencia a xunta de voceiros: **75,00** euros.
- Asistencia a sesións do Consello da Emisora Municipal: **140,00** euros”.

Visto o disposto nos arts. 75.2, 3, 5 e 6 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Visto o informe de Secretaría.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que dende o PSOE estiveron analizando os motivos da suba dos importes das asistencias a órganos colexiados e non atoparon ningunha razón obxectiva xa que non aparecen vinculados ao IPC polo que se van abster.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que presenta a unha emenda, que se transcribe a continuación. “Asistencia a sesións do Pleno: **150,00** euros. Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: **230,00** euros. Asistencia a sesións das Comisións Informativas Permanentes e Xunta de Voceiros: **100,00** euros. Asistencia a sesións do Consello da Emisora Municipal: **100,00** euros”. Explica o porque destes importes. A Xunta de Goberno Local ao final o que pretende é simular unha retribución igual ás dedicacións parciais do goberno municipal. Unha xunta de goberno local por este importe aparte de asistencias que poidan percibir por asistencias a pleno e comisións informativas daría ao mes sobre uns mil e pico euros. A Xunta de Goberno Local ultimamente no anterior mandato baleirouse algo de competencias ao haber asuntos que se aproban por decreto da alcaldía en lugar de por acordo da XGL. Entón se baleiramos algo as súas competencias tampouco ten sentido subir de 240 a 280 euros. Esta é valoración que facemos dende o BNG.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta totalmente contabilizado conforme ao IPC, simplemente faga números, é cuestión de matemáticas. Colla os datos do INE, faga as cifras e actualice. Colla a cifra do 18,20 % do Concello da Coruña e verá que aquí estamos a falar dun 16.67 %. Non fai falta que lle diga nada, as cifras están feitas, é matemática. Non hai nada máis que explicar. Canto custa un pleno no Concello da Coruña, cincocentos e pico euros, unha comisión informativa case catrocentos euros. Non veña aquí a dar exemplos. Está a explicarlle a porcentaxe é o único que lle sabe dicir é cousas distintas das que lle esta respondendo. Claro que na XGL se eliminou a aprobación de facturas por efectos da nova contabilidade local mantense na Alcaldía polo tema de sinatura e demais. Igual que os procedementos de contratación, deixando igualmente de ser o Presidente da Mesa de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Contratación. Ao mesmo tempo se aumentaron de maneira cuantiosa competencias que correspondían ao pleno. Vostede o dixo antes nun punto que acabamos de ver, no punto cuarto no que non estivo de acordo, a XGL ten máis competencias das que tiña no ano 2015. Independentemente diso o que se está a tratar de facer é unha aplicación do IPC. O que se cobra son cantidades brutas. Esas cifras das que fala de mil e moito euros sabemos que calquera persoa que ten un traballo hai que aplicarlle unha retención mínima dun 20 a un 24%, e os que percibimos un salario unha retención dun 30%, importes que non se perciben como salario ou asistencias, aparte de por medios propios como se comprometeron no ano .2015, que se segue a facer. Para que teñan unha explicación. O que se fixo foi única e exclusivamente aplicar unha actualización que non se fixo conforme a actualización dos OXE. Mantivéronse conxeladas durante catro anos. Entende que son xustas para todos os integrantes da corporación que se faga unha actualización conxunta no ano 2023. Esta é a explicación deses cantidades. Actualización para asistencias a todos os órganos Colexiados. Non se admite a emenda como nos casos anteriores. Votarse o punto tal é como foi na proposta da Alcaldía.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP), cinco votos en contra (grupo político BNG) e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Os concelleiros que non exerzan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados da Corporación de que formen parte nas contías seguintes:

- Asistencia a sesións do Pleno: **180,00** euros.
- Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: **280,00** euros.
- Asistencia a sesións das Comisións Informativas Permanentes: **140,00** euros.
- Asistencia a xunta de voceiros: **75,00** euros.
- Asistencia a sesións do Consello da Emisora Municipal: **140,00** euros.

2.- Publicar o acordo de cantidades a percibir polos membros da Corporación por asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados da Corporación de que formen parten o Boletín Oficial da Provincia.

7. DAR CONTA DOS GRUPOS POLÍTICOS CONSTITUÍDOS.

Co obxecto de dar cumprimento ó disposto no art. 98 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Concello de Ordes e art. 25 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo Sr. Alcalde dáse conta da constitución dos seguintes grupos políticos:

GRUPO POLÍTICO PARTIDO POPULA (PP)

- D. JOSE LUIS MARTÍNEZ SANJURJO (VOCEIRO).
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

GRUPO POLÍTICO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. PABLO VIDAL RÍOS (Voceiro)
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY

GRUPO POLÍTICO (PSdeG-PSOE)

- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA (Voceira)
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

8. FIXACIÓN DO IMPORTE DA DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS.

Vista a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación:

“Fixar a dotación económica dos grupos políticos da Corporación nas contías seguintes:

- Compoñente fixo (idéntico para todos os grupos): **350,00** euros/mes.
- Compoñente variable (en función do número de membros de cada grupo): **120,00** euros/membro/mes”.

Visto o disposto no art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como se manteñen os importes que había tanto nos anos 2015 e 2019, van a votar favorablemente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Fixar a dotación económica dos grupos políticos da Corporación nas contías seguintes:

- Compoñente fixo (idéntico para todos os grupos): **350,00** euros/mes.
- Compoñente variable (en función do número de membros de cada grupo): **120,00** euros/membro/mes.

9. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS DELEGACIÓNS QUE A ALCALDÍA ESTIMOU OPORTUNO CONFERIR.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde a efectos do establecido no art. 38.c) do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) dáse conta da resolución da Alcaldía nº 894/2023, de data 19/06/2023, que se transcribe a continuación:

“ASUNTO: ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO 2023-2027

EXPEDIENTE: 2023/G003/000908

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

De conformidade co establecido nos arts. 21.3 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, arts. 7, 8, 11, 15, 16 do Regulamento de organización e funcionamento do Concello e arts. 43, 44, 46 e 112 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, **RESOLVO:**

1.- Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos concelleiros seguintes:

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES.
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- YESSICA LÓPEZ VARELA.
- ALBA VILARIÑO NOGAREDA.

2.- Designar de entre os membros da Xunta de Goberno Local como Tenentes de Alcalde aos concelleiros seguintes:

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES, 1º Tenente de Alcalde.
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ, 2º Tenente de Alcalde.
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL, 3º Tenente de Alcalde.
- YESSICA LÓPEZ VARELA, 4º Tenente de Alcalde.
- ALBA VILARIÑO NOGAREDA, 5º Tenente de Alcalde.

3.- Efectuar unha delegación xenérica das atribucións da Alcaldía nos concelleiros seguintes:

- ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES, concelleira delegada de medio ambiente e deportes.
- ABEL BLANCO VIQUEIRA, concelleiro delegado de cultura. asociacionismo veciñal, atención e participación cidadá.
- YESSICA LÓPEZ VARELA, concelleira delegada de comercio, turismo, promoción e dinamización económica.
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ, concelleiro delegado de medio rural, servizos, mantemento, parques e xardíns.
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ, concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo.
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL, concelleiro delegado de exposicións, eventos, feiras e mercados.
- JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA, concelleiro delegado de obras, infraestruturas e mobilidade cidadá.
- ALBA VILARIÑO NOGAREDA, concelleira delegada de xuventude, novas tecnoloxías e voluntariado.

As delegacións anteriores unicamente comprenderán as facultades de dirección e organización interna dos servizos ou áreas correspondentes, como a de xestionalos en xeral, non estando incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

4. Notificar persoalmente aos designados, publicándose ademais no Boletín Oficial da Provincia.

5.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións seguintes:

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para o seu contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ao Pleno.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais, coas excepcións seguintes:
 - Protección da legalidade urbanística.
 - Declaración de ruína.
 - Convenios urbanísticos.
 - Ordes de execución.
 - Procedementos de control posterior de actividades e establecementos.
 - Procedementos de declaración de ineficacia de comunicacións previas.
 - Procedementos sancionadores.

6.- Publicación da delegación anterior no Boletín Oficial da Provincia.

7.- De conformidade co establecido no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos quince días seguintes a aquel en que se designasen os membros que a integran. Celebrará sesión ordinaria todos os venres as catorce horas e trinta minutos.

8.- Delegar a Presidencia do Consello Escolar Municipal na Concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo D^a. Susana García Gómez.

9.- Nomear como representante do Concello de Ordes na Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ordes á Concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo D^a. Susana García Gómez.

10.- Nomear como representante do Concello de Ordes para formar parte dos Consellos Escolares dos centros públicos de ensino non universitarios deste Municipio:

Centro docente	Representante
CEIP ADR Castelao	D ^a . Susana García Gómez, Concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo
CEIP Campomaior	D ^a . Susana García Gómez, Concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo
CEIP Mesón do Vento	D ^a . Susana García Gómez, Concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo
IES Ordes	D ^a . Susana García Gómez, Concelleira delegada de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo
IES Maruxa Mallo	D ^a . Susana García Gómez, Concelleira delegada de política social,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

igualdade, diversidade, educación e traballo
--

11. Notificar persoalmente os nomeamentos anteriores á designada, publicándose ademais no Boletín Oficial da Provincia.

12.- Dar conta ao Pleno na sesión que deberá celebrarse dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva”.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás quince horas do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias